

BASES FORMACIÓN CONTINUADA DO PERSOAL DE ÁREA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS

2022

A Xerencia da Área sanitaria Pontevedra e O Salnés, a Xunta de Persoal de Pontevedra e a Xunta de Persoal de O Salnés, previa negociación, acordaron os seguintes criterios de selección de formación continuada organizada pola unidade de docencia da área:

1. Solicitude de cursos de formación continuada

1.1 Requisitos de participación

Poderán participar nas accións formativas organizadas/impartidas pola Unidade de Docencia e Formación continuada da Área sanitaria Pontevedra e O Salnés, o persoal de calquera dos centros da Área así como o persoal inscrito nas listas de vinculación temporal.

O persoal que se atope nun permiso por parto, adopción ou acollemento tanto preadoptivo como permanente ou simple, adopción internacional ou excedencia para o coidado de fillos e familiares poderá participar das accións formativas.

1.2 Solicitudes

Os/as profesionais que desexen participar na actividade formativa deberán cubrir o formulario de preinscrición telemática na páxina web da ACIS: <https://acis.sergas.gal>

Para iso, deberán acceder dentro do menú de «Formación continuada» á epígrafe «**O meu perfil**». Unha vez dentro do perfil, deberán localizar o curso co buscador de actividades premendo ou ben na epígrafe: «organizadas por: Área Sanitaria Pontevedra e O Salnés» ou a través do **código curso**; ao abrir a ficha técnica do curso verán o **botón de inscrición** que lles levará ao formulario antes mencionado.

O período de inscrición estará aberto dende a convocatoria que se publicará na web ata un mes antes do comezo da mesma.

1.3 Criterios de selección

1º Ser destinataria/o

2º Preferencia; cando no curso se establece unha orde preferente de admisión, serán admitidas antes as persoas con prioridade 1 (establecido para os destinatarios de cada curso) que as de prioridade 2 (tarefas directamente relacionadas cos obxectivos e contido básico do curso)

3º Número de cursos realizados nos cinco anos anteriores; serán admitidas primeiro as persoas que non fixeran ningún curso, despois as que fixeran un, despois as que fixeran dous e así sucesivamente.

4º Praza en propiedade; despois do criterio anterior, as persoas con praza en propiedade serán admitidas antes que as que non a teñen.

5.- Tempo traballado; dentro de cada grupo anterior, a orde será de máis a menos tempo traballado

2. Cursos dirixidos a persoal das listas de contratación

Trátase de accións formativas dirixidas a :

- Persoal das listas de vinculacións de curta duración
- Persoal das listas xerais
- Persoal de áreas especiais

A orde de prioridade establecerase en función da orden de puntuación nas listaxes xerais de vinculacións temporais da correspondente categoría.

3. Exclusiones:

Consideraranse causas xustificadas de abandono as previstas no actual Pacto de selección temporal como causas xustificadas de renuncia a chamamentos.

Serán excluídas as solicitudes do persoal que realizara o mesmo curso nos últimos 5 anos

4. Publicación das listaxes persoas admitidas:

As listaxes de admitidas/os, de reservas e de excluídas/os publicanse na web ACIS.

5. Certificación:

As/os profesionais que superen a actividade terán á súa disposición a certificación, que poderán visualizar no seu Expedient-e (FIDES), que estará validada de maneira automática.

6. Anulación de reserva

Ata cinco días antes do comezo do curso.